



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE PAIS, PROFESIONAIS E AMIGOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL (SPECIAL OLYMPICS GALICIA), PARA O MANTEMENTO E A PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN SOCIAL DIRIXIDA ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DE GALICIA E ÁS SÚAS FAMILIAS MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS ADAPTADAS, OCIO, FORMATIVAS E DE PROMOCIÓN DO VOLUNTARIADO DURANTE O ANO 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa **Asociación de pais, profesionais e amigos das persoas con discapacidade intelectual (SPECIAL OLYMPICS GALICIA)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e ata o 31 de decembro de 2020. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realice SPECIAL OLYMPICS Galicia dende o 1 de xaneiro de 2020 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase en que a entidade aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 como beneficiaria individualizada así como o obxectos subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o mantemento da entidade e a promoción da integración social e mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias a través da realización das actividades deportivas, voluntariado, familias, formación e ocio que ten previsto desenvolver SPECIAL OLYMPICS Galicia no ano 2020.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade SPECIAL OLYMPICS Galicia aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2020 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a súa estrutura orgánica, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

